

O SECTOR CÁRNICO EN GALICIA.
PROPOSTAS PARA O FUTURO

DOCUMENTO 39 / 2023

AUTORES:

JOSÉ MANUEL ANDRADE CALVO

ALFONSO RIBAS ÁLVAREZ

O SECTOR CÁRNICO EN GALICIA. PROPOSTAS PARA O FUTURO

AUTORES:

JOSÉ MANUEL ANDRADE CALVO

ALFONSO RIBAS ÁLVAREZ

ÍNDICE

1. A PRODUCCIÓN DE CARNE NO MUNDO
2. A IMPORTANCIA DA PRODUCCIÓN CÁRNICA EN EUROPA, ESPAÑA E GALICIA
3. ANÁLISE DAS INDICACIÓNS XEOGRÁFICAS PROTEXIDAS CÁRNICAS EN GALICIA
4. FACTORES QUE LIMITAN A PRODUCCIÓN DE CARNE
5. AS TENDENCIAS DO CONSUMO DE PRODUTOS CÁRNICOS
6. RETOS E PROPOSTAS PARA O FORTALECIMENTO E O DESENVOLVEMENTO FUTURO DO SECTOR EN GALICIA
7. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

RESUMO EXECUTIVO

Este documento ten a súa orixe na VII Reunión Casal de Armán, organizada polo Foro Económico de Galicia en xuño de 2023, na que o tema abordado foi “O futuro do sector cárnico en Galicia”. Nesa xornada unha representación dos principais axentes do sector, a nivel galego e español, debateron sobre a realidade actual, as perspectivas e as estratexias futuras das producións cárnicas en Galicia, tomando como base a “Estratexia de dinamización do sector cárnico de Galicia 2022-2030”, elaborada por un equipo da Fundación Juana de Vega e recentemente presentada pola Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia.

A produción de carne a nivel mundial vén crescendo a un ritmo continuado ao longo do tempo, alcanzando no 2021 un volume total de 357 millóns de toneladas. A principal produción cárnica é a de aves, que representa o 39% do total, seguida da de porcino co 34%, e a de vacún sitúase no 20% do total. O resto de producións (ovino e caprino, coellos, cabalar e outras carnes) representan conxuntamente o 7% da produción mundial.

Na actualidade, as principais rexións produtoras son Asia, América do Norte, América do Sur e Europa. Dentro do continente europeo, nos países que conforman a UE-27, o valor do gando e da carne representa o 20% da produción agraria, unha cifra que acredita a importancia estratéxica deste sector na economía agraria europea. España é desde o ano 2020 o principal país produtor de carne da UE-27, seguido de Alemaña,

Francia, Polonia e Italia, sendo ademais o principal país produtor de porcino de Europa, despois de incrementar a produción un 65% desde o ano 2004, impulsado polas comunidades de Aragón e Cataluña principalmente.

Dentro de España, as principais rexións produtoras son Cataluña, Aragón, Castela e León e Andalucía. Estas catro comunidades achegan o 69% da produción cárnica española, mentres que Galicia sitúase como a oitava rexión produtora, representando o 5% do total. Analizando a evolución no período 2004-2022, reflíctese un aumento da produción en case todas as Comunidades, especialmente nas principais rexións produtoras, con crecementos que van desde o 33% en Andalucía ata un 217% en Aragón. Galicia presenta un incremento moi moderado, ao redor do 4%. Por tipoloxías, a carne de porcino representa a maior produción cárnica española, seguida das aves e o vacún, tendo o resto de producións cárnicas, tal e como acontece a nivel mundial, un carácter residual.

No caso de Galicia, a produción de carne alcanzou no ano 2020 -último ano para o que se conta con datos detallados- as 422,8 mil toneladas, sendo as principais producións a carne de ave con 223,5 mil toneladas, seguida da de vacún e a de porcino con 95,6 e 91,6 mil toneladas, respectivamente. A produción de coellos sitúase en cuarta posición con 11,8 mil toneladas, sendo as producións de ovino, caprino e equino moi reducidas.

En canto ás características das explo-

tacións gandeiras galegas, destaca o seu elevado número, o reducido número de cabezas ou prazas por explotación, a elevada idade media dos titulares e a escasa base territorial nas producións de carácter extensivo. Con todo, a súa importancia estratéxica para o medio rural é clave, non só en termos económicos e sociais, senón tamén no eido ambiental porque xestionan algo máis de 300 mil hectáreas de superficie agraria útil.

Xa a nivel industrial, a industria cárnica galega está conformada por 182 empresas, cunha cifra de negocios que superou os 1.500 millóns de euros no 2021, e que dan emprego a 6.000 persoas. Sobre o conxunto da industria alimentaria galega, a cifra de negocios representa o 14% e o 16% do emprego, e a súa contribución ao PIB galego sitúase no 0,5%. A industria cárnica galega caracterízase por ter un déficit de produtos elaborados que fai que presente uns peores niveis de rendibilidade económica, marxe e produtividade por empregado que o conxunto das empresas españolas. Noutras palabras, a industria cárnica galega non é capaz de posicionar os seus produtos no mercado con valor engadido.

Aínda así, Galicia conta con catro Indicacións Xeográficas Protexidas de produtos cárnicos, dentro das trinta e sete existentes a nivel nacional, que permiten unha maior diferenciación e valorización da carne galega. A máis importante, tanto en termos económicos como por recoñecemento e notoriedade de marca no mercado cárnico español, é a IXP Ternera Gallega. No entanto, esta IXP, e sobre todo o seu Consello Regulador, ten por diante retos importantes como os de

lograr unha maior homoxeneización da carne amparada polo selo Ternera Gallega Suprema, ampliar a súa presenza nos mercados nacionais e internacionais, así como o de incrementar a produción amparada pola IXP Vaca Gallega/Buey Gallego que tamén xestiona o mesmo Consello Regulador. As outras indicacións de calidade, a IXP Lacón Gallego e a IXP Capón de Vilalba, teñen unha cativa produción amparada que fai que precisen dunha reformulación para que teñan sentido no eido comercial.

Un dos retos importantes aos que se enfronta o sector cárnico é a caída do consumo nos países desenvolvidos por unha cada vez maior preocupación da poboación polo medio ambiente, pola saúde e polo benestar animal. Así o indican as cifras de consumo, que no caso de España reflicten unha diminución continua desde o ano 2010 a un ritmo medio interanual do 2,57%. Outros retos importantes aos que se debe enfrontar o sector, e que actúan como factores que limitan a produción, son o cambio climático e os factores sanitarios, tendo estes últimos cada vez maior incidencia no mercado cárnico mundial, polos efectos das políticas comerciais dos diferentes países que derivan en limitacións do comercio.

No caso de Galicia, os principais retos, aparte dos anteriores que son de aplicación xeral a todo o sector a nivel europeo e mundial, pasan, no eido da produción, por garantir o relevo xeracional das explotacións, aumentar o seu tamaño e a base territorial, e mellorar a profesionalización. Para iso proponse poñer en marcha os instrumentos da lei de recuperación da terra agraria de Galicia,

impulsar o relevo e a incorporación de persoas mozas ás explotacións a través da posta en funcionamento do banco de explotacións, e o impulso da formación, o asesoramento e a dixitalización do sector.

No caso da industria, os principais retos pasan por aumentar o nivel de transformación industrial do produto para mellorar a súa capacidade de xeración de valor, incrementar o tamaño e nivel tecnolóxico das empresas, así como mellorar a súa capacidade loxística e de acceso a novos mercados, nacionais e internacionais, e aumentar a súa aposta pola I+D+i. Para iso propónse, entre outras medidas, mellorar as axudas públicas e a intensidade das mesmas para investimentos en transformación, comercialización e innovación, así como para a realización de investimentos conxuntos; apoiar e incentivar o incremento do tamaño, facilitando o acceso ao crédito ou outras medidas de índole financeira orientadas ao fomento da integración vertical e horizontal dos operadores da cadea. Tamén se propón a elaboración dun plan de formación continua para a industria e a posta en marcha dunha formación profesional dual, como mecanismo para solucionar os problemas derivados da falta de man de obra que lle afectan.

No eido da comercialización, cómpre reverter ou mitigar a caída do consumo e mellorar a capacidade de chegar a novos mercados en crecemento no segmento das carnes premium, no que Galicia pode xogar un papel relevante. Para iso, é necesario abordar unha reorientación da industria cara a elaboración de produtos de maior valor engadido, especialmente de IV e V gama, mellorar a etiquetaxe utilizando tecnoloxías que permitan engadir

información que conecte coas novas sensibilidades dos consumidores e impulsar campañas de promoción das carnes galegas co obxectivo de posionalas nos mercados como produtos de alta calidade, destacando as características produtivas de Galicia ligadas aos valores da sostibilidade, benestar animal e xestión do territorio.

No que atinxe á cadea de valor, cómpre fortalecer as relacións e o equilibrio ao longo da cadea, garantindo un valor engadido sostible para todos os operadores. Para logralo propónse a creación de organizacións de produtores, a elaboración de informes de custos e de contratos homologados que permitan o cumprimento da lei da cadea alimentaria, así como mellorar a supervisión e o control do cumprimento das obrigas en materia das prácticas comerciais desleais.

Por último, recóllense unha serie de medidas orientadas a mellorar a percepción dos consumidores e da poboación xeral sobre a produción cárnica, e outras destinadas a garantir a sostibilidade ambiental, a sanidade animal e a seguridade alimentaria. Entre elas figuran accións de formación e de sensibilización, mellorar a xestión das dexeccións gandeiras, potenciar o uso de enerxías renovables e a eficiencia enerxética nas granxas e na industria, ou o establecemento de plans de bioseguridade para reducir o risco de transmisión de enfermidades, entre outras.

En definitiva, un conxunto de medidas e accións orientadas ao fortalecemento do conxunto do sector cárnico galego, que teñen como obxectivo conseguir un sector máis competitivo e resiliente e con capacidade de xerar un maior valor en todos os elos da cadea.

1. A PRODUCCIÓN DE CARNE NO MUNDO

A produción de carne a nivel mundial alcanzou no ano 2021 os 357,4 millóns de toneladas, cun crecemento desde 2015 do 9,87%. Por especies, o maior volume de produción concéntrase na carne de aves con 137,97 millóns de toneladas, seguida da carne de porcino con algo máis de 120 millóns e a procedente de gando vacún

que achega 72,45 millóns de toneladas. O resto de carnes teñen uns niveis de produción moito máis cativos ou case residuais no contexto mundial. Así, a carne de ovino alcanza unha produción de 9,96 millóns de toneladas, a de caprino 6,40 millóns, a de coello 0,86 millóns e a cabalar 0,73 millóns de toneladas.

Táboa 1.1. Producción mundial de carne por especie (en millóns de toneladas) desde 2015 a 2021

Gando	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	% Variación 2021/2015
Vacún	63,85	64,36	65,59	70,23	72,18	71,6	72,45	13,47%
Porcino	119,36	118,79	119,79	119,07	108,18	108,25	120,37	0,85%
Ovino	9,44	9,58	9,67	9,53	9,60	9,82	9,96	5,51%
Caprino	5,65	5,78	6,02	6,00	6,17	6,29	6,40	13,27%
Avícola								
Polo	103,78	106,74	110,86	114,61	117,53	120,46	121,59	17,16%
Pato	4,31	4,40	4,36	4,66	6,07	6,16	6,20	43,85%
Pavo	5,66	6,05	5,89	6,04	6,02	6,03	5,79	2,30%
Outras aves	2,57	2,66	2,61	2,76	2,78	4,38	4,39	70,82%
Coellos	1,34	1,18	0,99	0,90	0,91	0,90	0,86	-35,82%
Cabalar	0,76	0,74	0,71	0,72	0,71	0,78	0,73	-3,95%
Outras carnes	8,55	8,57	8,67	8,45	8,56	8,55	8,62	0,82%
TOTAL	325,25	328,84	335,16	343,10	336,62	343,21	357,36	9,87%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos publicados pola FAOSTAT.

O maior crecemento de produción no período 2015-2021 reflíctese nas carnes de aves, cuxo volume medrou un 18,61%, seguida da de vacún (+13,47%), caprino (+13,27%) e ovino (+5,51%). Destaca a caída experimentada na produción de carne de coello, que diminuíu no período un 35,82%. A produción de carne de porcino apenas aumentou un 1% no período, motivado polo impacto que a peste porcina africana tivo na produción en Asia nos anos 2019 e 2020, volvendo xa no ano

2021 a niveis de produción anteriores.

No que se refire á produción rexional das principais especies, Asia ocupa na actualidade o primeiro posto na produción de carne de vacún a nivel mundial con 19,46 millóns de toneladas, despois de incrementar esta no ano 2019 con respecto ao 2018 nun 25%, superando desde ese ano as principais rexións produtoras ata esa data, que eran, por esta orde, América do Norte e América do Sur, que alcanzaron en 2021 as 17,7 e 15,87 millóns de toneladas,

respectivamente. As tres rexións xuntas producen o 72% da carne de vacún do mundo. Europa, cunha produción estancada, ocupa o cuarto posto con 10,46 millóns de toneladas despois de medrar no

período 2015-2021 unicamente o 0,4%, que contrasta co crecemento experimentado por Asia (+39,10%), América do Norte (+18,38%) e América do Sur (+3,66%).

**Táboa 1.2. Producción mundial de carne de vacún
(en millóns de toneladas) por rexións 2015-2021**

Rexión	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	% Variación 2021/2015
África	6,36	6,39	6,53	6,49	6,82	6,72	6,87	8,02%
América do Norte	14,42	15,23	15,76	16,19	16,57	16,60	17,07	18,38%
América do Sur	15,31	15,07	15,59	16,13	16,44	16,19	15,87	3,66%
Asia	16,49	16,78	17,03	17,51	18,75	18,47	19,46	39,10%
Europa	10,42	10,55	10,48	10,67	10,56	10,52	10,46	0,38%
Oceanía	3,35	3	2,73	2,93	3,05	3,08	2,7	-19,40%
MUNDO	63,85	64,36	65,59	67,32	72,18	71,6	72,45	13,47%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos publicados pola FAOSTAT.

A produción de porcino sufriu un proceso de intensificación nos últimos anos, concentrándose un gran número de animais en cada vez menos granxas, alcanzando os sistemas de produción a nivel mundial un alto grao de uniformidade baseado nun número reducido de razas, un mesmo material xenético e un mesmo tipo de alimentación. A principal rexión produtora é Asia, que achega 63,07 millóns de toneladas (52,4% da produción mundial), seguida de Europa que produ-

ce 30,79 millóns de toneladas. Con todo, Asia reduciu a súa produción no período 2015-2021 un 7,89%, motivado en gran medida pola propagación da peste porcina africana no ano 2019. Pola contra, Europa medrou no período un 8,34%. A terceira rexión produtora é América do Norte con 17,10 millóns de toneladas despois de medrar un 13,77%, seguida de lonxe por América do Sur con 6,82 millóns, a pesar de crecer no período un 23,33%.

**Táboa 1.3. Producción mundial de carne de porcino
(en millóns de toneladas) por rexións 2015-2021**

Rexión	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	% Variación 2021/2015
África	1,39	1,42	1,5	1,6	1,85	1,88	2,01	44,60%
América do Norte	15,03	15,33	15,74	16,14	16,86	17,23	17,1	13,77%
América do Sur	5,53	5,79	5,91	6,2	6,44	6,85	6,82	23,33%
Asia	68,47	66,62	66,96	66,78	52,77	51,4	63,07	-7,89%
Europa	28,42	29,1	29,13	29,67	29,7	30,32	30,79	8,34%
Oceanía	0,52	0,52	0,55	0,57	0,56	0,55	0,58	11,54%
MUNDO	119,36	118,79	119,79	120,96	108,18	108,25	120,37	0,85%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos publicados pola FAOSTAT.

Dentro da produción avícola (polo, pato, pavo e outras aves), a máis importante é a de polo, que, como no caso do porcino, está liderada por Asia cunha produción que alcanza o 38,52% do total mundial, despois de experimentar un crecemento do 50,69%

entre 2015 e 2021. A segunda rexión produtora é América do Sur, seguida de América do Norte e de Europa, sendo América do Sur aquela na que máis crece a produción despois de Asia, cun incremento do 48,43% desde 2015.

Táboa 1.4. Produción mundial de carne de aves (en millóns de toneladas) por rexións 2015-2021

Rexión	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	% Variación 2021/2015
África	5,46	5,41	5,89	6,17	6,86	7,33	7,65	40,11%
América do Norte	24,06	24,61	25,27	25,92	22,19	22,32	23,36	-2,91%
América do Sur	20,4	20,33	20,82	20,87	29,75	30,06	30,28	48,43%
Asia	35,27	37,12	39,05	41,53	51,28	53,4	53,15	50,69%
Europa	17,24	17,84	18,33	19,05	22,15	22,37	21,94	27,26%
Oceanía	1,34	1,43	1,5	1,47	1,56	1,54	1,59	18,66%
MUNDO	103,78	106,74	110,86	115,01	133,8	137,03	137,98	32,95%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos publicados pola FAOSTAT.

Como ocorre co vacún, co porcino e co avícola, Asia tamén encabeza a produción mundial de carne de ovino e caprino achegando 10,05 millóns de toneladas, que representan o 61,43% da produción total destas especies, seguida de lonxe polo continente africano, que achega 3,43 millóns de toneladas (20,96% da produción mundial). Europa ocupa o terceiro

posto con 1,17 millóns de toneladas, o 7,15% da produción mundial. Asia lidera tamén o crecemento da produción mundial cun incremento no período 2015-2021 do 13,95%, seguida de América do Norte (+9,09%). Pola contra, cae a produción de maneira moi acusada en América do Sur (-20%), en Oceanía (-8,87%) e en Europa (-5,65%).

Táboa 1.5. Produción mundial de carne de ovino e caprino (en millóns de toneladas) por rexións 2015-2021

Rexión	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	% Variación 2021/2015
África	3,26	3,32	3,35	3,18	3,33	3,41	3,43	5,21%
América do Norte	0,22	0,22	0,22	0,23	0,23	0,23	0,24	9,09%
América do Sur	0,3	0,3	0,31	0,31	0,33	0,23	0,24	-20,00%
Asia	8,82	9,04	9,4	9,36	9,46	9,77	10,05	13,95%
Europa	1,24	1,25	1,25	1,22	1,23	1,19	1,17	-5,65%
Oceanía	1,24	1,23	1,16	1,24	1,2	1,17	1,13	-8,87%
MUNDO	15,09	15,36	15,69	15,53	15,78	16,11	16,36	8,42%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos publicados pola FAOSTAT.

2- A IMPORTANCIA DA PRODUCCIÓN CÁRNICA EN EUROPA, ESPAÑA E GALICIA

Neste apartado analizarase a importancia estratéxica deste sector, non só no eido produtivo e de xeración de valor, senón tamén, sobre todo en Galicia, para o mantemento dun territorio rural xestionado, vivo e dinámico. Tamén se analizarán as principais problemáticas tanto a nivel produtivo como da industria cárnica en España e Galicia.


2.1.- A produción cárnica en Europa

O valor da produción agraria na UE-27 alcanzou no ano 2021 os 450.167 millóns de euros, dos cales, 163.125 son derivados da produción animal, representando esta o 36,24% do valor da produción agraria. A

contribución do sector cárnico ao valor da produción agraria chega ao 20,83%. Estas cifras acreditan a importancia estratéxica deste sector no conxunto da Unión Europea.

Os principais países produtores de carne en Europa están liderados por España, cun volume no ano 2022 de 7,57 millóns de toneladas, despois de superar a Alemaña como primeiro país produtor desde 2020. Alemaña alcanzou no ano 2022 os 7,40 millóns de toneladas. O terceiro país por volume de produción sería Francia con 5,10 millóns de toneladas, seguido de Polonia con 5,07 millóns e de Italia con 3,23 millóns de toneladas.

Figura 2.1.1. Peso das distintas producións agrarias no conxunto da agricultura da UE-27 no 2021




Fonte: Elaboración propia a partir de datos publicados pola Eurostat.

A produción de carne en Europa alcanzou un máximo no ano 2018, con 46,54 millóns de toneladas, despois de medrar desde 2004 un 15,52%. A partir de 2018 a produción caeu ata o 2022 un 11,29%, situándose nos 41,28 millóns de toneladas, motivado en parte pola saída do Reino Unido da Unión Europea en 2020. Por especies, a carne de porcino constitúe a produción maioritaria da UE-27 con 22,07 millóns de toneladas no ano 2022, que re-

presenta o 47% do total da carne. En segundo lugar sitúase a carne de ave, que alcanza os 12,12 millóns de toneladas, seguido da carne de bovino con 6,64 millóns. Por último, a carne de ovino e de caprino ocupa un espazo residual dentro da UE con 457 mil toneladas.

Analizando a evolución ata 2019, para evitar o impacto que tivo no ano 2020 a saída do Reino Unido da Unión Europea, destaca o crecemento dun 15,44% da produción

Figura 2.1.2. Producción de carne (en miles de toneladas) nos países da Unión Europea en 2021 e 2022




Fonte: Elaboración propia a partir de datos publicados pola Eurostat.

desde o ano 2004. Por especies, a carne de aves medrou un 40%, seguida de lonxe pola carne de porcino cun crecemento do 12,56%. A produción de ovino e caprino caeu nese período un 25,61%, mentres que a de carne de bovino redúcese un 2,62%. No período 2020-2022 (sen ter xa en conta o Reino Unido) a produción de carne na UE-27 diminúe un 3,41%. Esta diminución prodúcese en todas as especies, sendo especialmente acusada a experimentada pola produción de porcino, que cae un 4,19%, seguido da de bovino (-2,67%) e a

de aves (-2,47%). A produción de ovino e caprino cae unicamente un 0,49%, despois de terse reducido desde 2004, sen ter en conta o efecto do Reino Unido, o 56,80%.


En canto á especialización produtiva por especies, sete países concentran o 81% da produción de carne de bovino da UE-27: Francia, Alemaña, Italia, España, Irlanda, Polonia e os Países Baixos. Xuntos suman unha produción total de 5,41 millóns de toneladas. Antes do Brexit, Reino Unido ocupaba a terceira posición como país produtor.

Figura 2.1.3. Evolución da produción de carne (en millóns de toneladas) na Unión Europea entre 2004 e 2022



Fonte: Elaboración propia a partir de datos publicados pola Eurostat.

Figura 2.1.4. Producción de carne de vacún (milleiros de toneladas) nos principais países produtores da UE-27 no 2022



Fonte: Elaboración propia a partir de datos publicados pola Eurostat.


No que se refire á evolución desta produción, tal e como se reflicte na Figura 2.1.5, obsérvase unha caída en case todos os países desde o ano 2004, especialmente acusada no caso de Italia que cae un 35% no período 2004-2022, seguido de Alemaña (-22%) e de Francia (-14%); sendo Polonia o país que destaca por manter o maior crecemento no período, cun incremento da produción extraordinario do 81%. España medra unicamente un 2%.

No caso do porcino, a produción concéntrase en nove países que xuntos representan o 86% da produción porcina europea. España desde o ano 2021 lidera a produción, alcanzando no 2022 os 5,07 millóns de toneladas, seguida de Alemaña con 4,49 millóns. A moita distancia situaríase xa Francia con 2,15 millóns.

Estes tres países xuntos concentran o 61% de toda a produción de porcino da UE-27. Séguenlle, en orde de importancia, Polonia, Países Baixos, Dinamarca, Italia, Bélxica e Austria.


Se se analiza a evolución da produción porcina por países, Alemaña alcanzou o seu máximo no ano 2011, en gran medida debido ás restricións á produción derivadas de cuestións medioambientais. Desde ese momento amosa unha tendencia á baixa, para ser superada no ano 2021 por España, que incrementou a súa produción un 65% desde 2004 e mantén un crecemento sostido e continuado ao longo do tempo. O resto de países, coa excepción de Países Baixos que medrou un 31%, ven reducidos os seus volumes de produción no período 2004-2022.

Figura 2.1.5. Evolución da produción de carne de vacún (milleiros de toneladas) nos principais países produtores da UE-27 desde 2004 ata 2022




Fonte: Elaboración propia a partir de datos publicados pola Eurostat.

Figura 2.1.6. Produción de carne de porcino (milleiros de toneladas) nos principais países produtores da UE-27 no 2022



Fonte: Elaboración propia a partir de datos publicados pola Eurostat.


Figura 2.1.7. Evolución da produción de carne de porcino (milleiros de toneladas) nos principais países produtores da UE-27 desde 2004 ata 2022



Fonte: Elaboración propia a partir de datos publicados pola Eurostat.

A produción avícola en Europa é liderada por Polonia, seguido de España, Alemaña, Francia e Italia, superando todos eles o millón de toneladas. Estes cinco países producen 10,16 millóns de toneladas, que representan o 71% da carne de ave de Europa.

Figura 2.1.8. Produción de carne de aves (milleiros de toneladas) nos principais países produtores da UE-27 no 2022




Fonte: Elaboración propia a partir de datos publicados pola Eurostat.

A produción de aves aumentou no período 2004-2022 nos principais países produtores, agás en Francia. Destaca sobre todos o crecemento experimentado


por Polonia, que pasou de ocupar a cuarta posición como país produtor desta carne en 2002 a situarse de lonxe como o principal país produtor, con 2,73 millóns de

Figura 2.1.9. Evolución da produción de carne de aves (milleiros de toneladas) nos principais países produtores da UE-27 desde 2004 ata 2022




Fonte: Elaboración propia a partir de datos publicados pola Eurostat.

Figura 2.1.10. Produción de carne de ovino e caprino (milleiros de toneladas) nos principais países produtores da UE-27 no 2022



Fonte: Elaboración propia a partir de datos publicados pola Eurostat.

Figura 2.1.11. Evolución da produción de carne de ovino e caprino (milleiros de toneladas) nos principais países produtores da UE-27 desde 2004 ata 2022



Fonte: Elaboración propia a partir de datos publicados pola Eurostat.

toneladas no ano 2022.

Por último abórdase a produción de carne de ovino e de caprino, que alcanzou a nivel europeo no ano 2022 un volume de 457 mil toneladas, sendo os principais países produtores España, Francia, Irlanda, Grecia e Italia. Romanía, cuxo volume de produción non se representa na Figura 2.1.10 por non dispor de datos estatísticos relativos aos anos 2021 e 2022, ocupaba a segunda posición como país produtor detrás de España no ano 2020. A produción destas carnes en España representa o 28% do total producido na UE-27.


A produción, xa sendo residual dentro do conxunto da produción cárnica a nivel europeo, segue unha tendencia decrecente desde o ano 2004, sendo España o país no que o descenso é máis acusado.

2.2. A produción cárnica en España e Galicia

Segundo os datos dispoñibles nas contas económicas de agricultura do Ministerio de Agricultura Pesca e Alimentación (MAPA), o valor da produción agraria en España no ano 2022 foi de 62.997,7 millóns de euros, aportando a produción animal o 38,75%. A contribución da carne e o gando ao valor da produción agraria chega en España ao 28,79%, situándose 8 puntos por riba da súa contribución en Europa. No caso de Galicia non se dispón de datos para 2022, representando o valor da carne e o gando no ano 2021 o 33,30% da produción agraria da nosa Comunidade, o que demostra o importante peso que a produción cárnica ten no sector primario galego (1.291,01 millóns de euros de valor da produción).


Dentro de España, Cataluña é a principal rexión produtora con 2,50 millóns de toneladas en 2022, achegando o 33,43% da produción cárnica española, seguida de Aragón (13,67%), Castela e León (12,71%) e Andalucía (9,42%). Estas catro Comunidades representan o 69% da produción cárnica española. Galicia configúrase como a oitava rexión produtora cunha achega do 5,04%.

Figura 2.2.1. Producción de carne nas principais comunidades produtoras en 2022 (%)



Fonte: Elaboración propia a partir de Enquisas de Sacrificios do MAPA.

Figura 2.2.2. Evolución da produción de carne (en miles de toneladas) por comunidades autónomas desde 2004 a 2022



Fonte: Elaboración propia a partir de Enquisas de Sacrificios do MAPA.


Se se analiza a evolución ao longo do tempo, na Figura 2.2.2 reflíctese, en xeral, un aumento da produción no período 2004-2022 en case todas as Comunidades Autónomas, sendo este especialmente significativo nas principais rexións produtoras, singularmente en Cataluña (+52%), Aragón (+217%), Castela e León (+39%), Andalucía (+33%) e Castela A-Mancha (+42%). En Galicia tamén aumenta a produción pero de forma moito máis moderada (+4%).

A carne de porcino é a tipoloxía de carnes máis producida en España, seguida das de aves e vacún, sendo o resto de producións, tal como acontece a nivel mundial e europeo, de carácter residual. Na Figura 2.2.3 apréciase como a produción de carne en España medrou no período 2004-2022 de xeito moi importante (+38%), sobre todo a partir do ano 2014, impulsada polo crecemento da produción de porcino, que medrou nese período un 63%. A produción de carne de aves incrementouse un 18%, mentres que a de vacún só o fixo nun 3%.

Analizando os datos das Enquisas de Sacrificios do MAPA, por Comunidades e tipoloxía de carnes, Cataluña destaca no porcino co 40,17% da produción española, seguida de Aragón (19,46%) e de Castela e León (12,92%). Galicia representa unicamente o 1,65% da produción de porcino española. Cataluña tamén ocupa a primeira posición na produción de carne de bovino (18,25%), seguida por Castela e León (16,70%) e Galicia que representa o 13,29% da produción cárnica de vacún en España. Nas aves a principal rexión produtora é Andalucía, que achega o 23,52% da produción nacional, seguida de Cataluña co 21,79% e tamén de Galicia co 12,32%.

Baixando a nivel galego, os últimos datos dispoñibles para todas as especies son os da Estatística Agraria da Consellería do Medio Rural relativos ao ano 2020. Segundo estes, a principal produción cárnica en volume provén da carne de aves, con 223,52 mil toneladas, seguida da de vacún e de porcino con 95,6 e 91,6 mil

Figura 2.2.3. Evolución da produción de carne (en miles de toneladas) en España entre 2004 e 2022



Fonte: Elaboración propia a partir de Enquisas de Sacrificios do MAPA.

toneladas, respectivamente. A produción de coellos situaríase en cuarta posición con 11,8 mil toneladas, sendo as producións de ovino, caprino e de equino moi reducidas.

Segundo esta fonte, a produción en Galicia aumentou desde o ano 2004 un 15%, pasando das 366,4 mil toneladas ás 422,8


mil toneladas do 2020. Nas principais especies o maior crecemento, segundo se reflicte na Figura 2.2.5, produciuse na carne de aves, cun aumento do 38% desde 2004, e na de bovino que medrou no período un 2%. Pola contra, a segunda produción maioritaria na nosa Comunidade, conformada polo porcino, diminuíu un 11%.

Táboa 2.2.1. Distribución da produción de carne (en toneladas) en matadoiros por provincia. Galicia 2020

PROVINCIA	VACÚN	OVINO	CAPRINO	PORCINO	EQUINO	AVES	COELLOS	TOTAL
A Coruña	29.475,26	69,78	7,39	14.447,12	2,24	12.936,09	0,00	56.937,88
Lugo	27.847,38	24,84	10,35	3.689,38	10,30	44.660,62	0,00	76.242,87
Ourense	12.777,87	94,89	28,14	1.774,90	-	134.849,70	4.472,32	153.997,82
Pontevedra	25.502,58	70,66	4,32	71.690,74	-	31.078,46	7.333,21	135.679,97
TOTAL	95.603,09	260,17	50,20	91.602,14	12,54	223.524,87	11.805,53	422.858,54

Estadística Agraria 2020 da Consellería do Medio Rural.

Figura 2.2.4. Evolución da produción de carne en matadoiros (en milleiros de toneladas) en Galicia desde 2004 a 2020 por especies



Fonte: Estadística Agraria 2020 da Consellería do Medio Rural.

2.3. Características das explotacións gandeiras cárnicas galegas

Neste apartado faise unha sucinta caracterización das gandarías de produción cárnica da nosa Comunidade, empregando como fonte a Estratexia de Dinamización do Sector Cárnico de Galicia, destacando os datos máis salientables de cada un dos sectores ou especies.

A sector produtor de vacún de carne de Galicia está conformado por 19.537 explotacións que xestionan un total de 214 mil hectáreas de superficie agraria útil. Teñen como titular a unha persoa cunha idade media de 57 anos e contan cunha media de 22 animais por explotación entre vacas e crías. Con todo, case o 50% das explotacións teñen menos de 10 animais, e os seus titulares teñen unha media de idade de 61 anos. A superficie agraria media xestionada por cada explotación sitúase nas 11 hectáreas. A maioría das explotacións de vacún de carne concéntrase na provincia de Lugo (43,29% do total), seguida de A Coruña (32,75%), Pontevedra (15,85%) e Ourense (8,10%).

O sector do porcino está formado por 2.591 produtores, que teñen unha idade media de 52 anos e cada explotación conta con 592 prazas de porcos. Estas explotacións non teñen superficie agraria vinculada á Política Agraria Común (PAC), por seren de carácter intensivo. Por rangos de tamaño, o 56,7% das explotacións teñen menos de 50 prazas, pero acollen unicamente o 2,43% das prazas de Galicia. Pola contra, as explotacións con máis de 1.000 prazas, representan o 20% do total e o 74% das prazas, concentrándose neste tramo as explotacións máis profesionais e intensivas. Por riba deste rango de ta-

maño, a idade media dos titulares sitúase por debaixo dos 45 anos. As principais zonas de produción son a provincia de Pontevedra, especialmente os concellos de Rodeiro e Silleda, e a comarca da Limia en Ourense, onde destacan os concellos de Xinzo de Limia, Os Blancos, Sandiás, Sarreaus e Trasmiras.

A produción de aves procede de 1.075 explotacións cunha capacidade media por explotación de 23.128 prazas, e cuxos titulares teñen unha idade media de 49 anos. Os concellos con máis animais censados son Sarreaus e Xinzo de Limia en Ourense, e Friol en Lugo. A produción concéntrase naquelas explotacións que teñen máis de 25.000 prazas. Estas representan o 33% do total pero acollen o 70% das prazas, e como ocorre nas outras especies, a maior tamaño e profesionalización, menor idade teñen os seus titulares.

As explotacións produtoras de coellos en Galicia son 179, os seus titulares teñen unha media de idade de 52 anos e contan con 3.461 prazas, de media, cada unha delas. A produción concéntrase nuns poucos concellos galegos, destacando Abegondo, Ponteceso, Boiro, Chantada, Monfero e Guitiriz, que contan con máis de 20.000 animais censados cada un deles. As explotacións máis grandes (con máis de 5.000 prazas) representan o 26% do total e concentran o 62% da produción.

A produción de ovino e caprino distribúese entre 15.783 explotacións de moi pequeno tamaño, cuns 10 animais por explotación. Os seus titulares teñen de media unha idade de 60 anos e xestionan un total de 54.353 hectáreas de superficie agraria, cunha media de 3,44 hectáreas por explotación. O maior número de explotacións concéntrase na provincia de Pontevedra,

que acolle o 30% delas. No entanto, o concello con máis número de animais é A Mezquita, que conta con 15.159. O 78% das explotacións teñen menos de 10 animais censados, pero estas só suman o 30% do gando.

A produción de equino procede de 4.314 explotacións, que contan de media con 4 animais cada unha delas e os seus titulares teñen unha idade media de 54 anos. Xestionan 33.195 hectáreas de superficie, cunha media de 7,69 hectáreas por explotación. A provincia de Lugo concentra o 57% de todas as de Galicia, seguida da Coruña co 33%. Pontevedra e Ourense teñen unha produción residual desta tipoloxía de carne, contando unicamente co 6,35% e o 0,69% das explotacións, respectivamente.

2.4. A industria cárnica en Galicia e España

Segundo o *Informe anual de la industria alimentaria española período 2021-2022*, elaborado polo MAPA, a industria cárnica ocupa o primeiro posto entre os subsectores da industria alimentaria en España, tanto en cifra de negocio, que alcanza os 31.032 millóns de euros, como en valor engadido (5.675 millóns de euros) e en xeración de emprego, con 114.120 ocupados. O seu peso nestas variables sobre o conxunto da industria alimentaria supera o 24%, e sobre o conxunto da industria sitúase por riba do 5%.


No caso de Galicia, a industria cárnica, segundo datos do IGE, está formada por 182 empresas cunha cifra de negocios de 1.519,98 millóns de euros, que dan emprego a 6.000 persoas. O seu peso sobre o conxunto da industria alimentaria é inferior

ao que ten a industria cárnica española, situándose por riba do 14% en termos de facturación e nun 16% no referido ao emprego. Sobre o conxunto da industria, a cifra de negocios representa o 3,25% e o 4% do emprego. O valor engadido achégase aos 300 millóns de euros, cun crecemento do 17% no período 2016-2020, situándose a súa contribución ao PIB no 0,5%.

Unha das eivas da industria galega que se sinala na Estratexia de Dinamización do Sector Cárnico Galego, é a existencia dun déficit de produtos elaborados con respecto á industria española e ao conxunto da Unión Europea, que se dá en todas as subcategorías de produtos: salgados e afumados, embutidos e outras preparacións e conservas (fígados, patés, xamóns cocidos...). É dicir, a industria cárnica galega produce principalmente produtos frescos e refrixerados de escaso valor engadido, o que lastra a súa rendibilidade e competitividade. Así, no 2019 a carne fresca e refrixerada de bovino, porcino e de aves configúrase como o principal produto da industria cárnica galega, representando en conxunto o 72% de toda a produción da industria cárnica, mentres que en España estas carnes frescas e refrixeradas, con pouco nivel de transformación, representan o 47,34% e no conxunto da Unión Europea o 51,65%.


Esta realidade ten efectos na rendibilidade da industria galega, que presenta uns peores niveis de desempeño que a española. Así se reflicte no estudo económico e financeiro que se recolle na Estratexia de Dinamización do Sector cárnico Galego, que elaboramos os autores a partir da información contable dispoñible no Sistema de Análises de Balances Ibéricos (SABI)

Figura 2.4.1. Cifra de negocios e valor engadido bruto da industria cárnica galega 2016-2021



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE.

Figura 2.4.2. Principais produtos da industria cárnica en Galicia 2015 (anel interior) - 2019 (anel intermedio) - 2020 (anel exterior)



para un total de 2.161 industrias cárnicas durante o período 2015-2020. Os resultados non deixan lugar a dúbidas. A rendibilidade económica, a marxe e a produtividade por empregado da industria cárnica española son superiores ás da industria cárnica galega, o que reflicte que a industria galega non é capaz de posicionar o seu produto no mercado con valor engadido, pola súa orientación cara a produtos frescos con baixo nivel de transformación.

De feito, a descomposición da rateo de rendibilidade económica nos seus dous compoñentes, marxe e rotación, amosa que a industria galega ten unha maior rotación que a industria española, pero esa maior rotación non consegue, a base dunha estratexia de marxes baixas, alcanzar

unha rendibilidade económica similar á das empresas españolas. En definitiva, a industria galega compite a base de prezos baixos con produtos de escasa diferenciación, confiando ao volume (rotación) a chave da rendibilidade económica.

Resulta ademais salientable, que ao analizar o efecto que o tamaño das empresas ten sobre os indicadores que se reflicten na táboa 2.4.1., comprobouse que para as empresas españolas existe unha relación positiva entre a rendibilidade económica e o tamaño, de tal xeito que a maior tamaño, maior rendibilidade, motivado pola lóxica das economías de escala e de alcance. No caso galego esta correlación non existe, sendo as empresas máis rendibles as medianas e pequenas mentres que as

Táboa 2.4.1 Evolución das medianas anuais dos indicadores analizados para as industrias cárnicas no período 2015-2020

		2015	2016	2017	2018	2019	2020	Valores de referencia ¹
Rendibilidade económica	España	3,23 %	3,27 %	3,16 %	3,12 %	2,63 %	2,15 %	3,14 %
	Galicia	3,04 %	2,69 %	2,43 %	2,63 %	1,87 %	1,72 %	2,53 %
Marxe	España	2,54 %	2,76 %	2,59 %	2,55 %	2,15 %	1,89 %	2,55 %
	Galicia	2,12 %	1,67 %	1,45 %	1,69 %	1,26 %	1,13 %	1,56 %
Rotación	España	1,26	1,24	1,26	1,26	1,21	1,07	1,25
	Galicia	1,46	1,50	1,49	1,48	1,43	1,45	1,47
Rendibilidade financeira	España	4,66 %	5,70 %	5,78 %	5,55 %	4,69 %	3,30 %	5,12 %
	Galicia	4,82 %	5,22 %	4,07 %	5,22 %	3,47 %	4,49 %	4,66 %
Endebemento	España	61,17 %	61,18 %	62,44 %	62,38 %	62,36 %	59,29 %	61,77 %
	Galicia	63,67 %	60,39 %	60,77 %	65,92 %	62,44 %	55,31 %	61,61 %
Vendas/empregado	España	150,43 €	147,28 €	153,11 €	153,69 €	151,04 €	145,45 €	150,74 €
	Galicia	118,92 €	109,74 €	112,02 €	123,74 €	121,68 €	120,57 €	119,75 €
B° explotación/empregado	España	4,13 €	4,36 €	4,07 €	4,06 €	3,30 €	2,82 €	4,06 €
	Galicia	3,30 €	2,16 €	2,33 €	2,82 €	1,56 €	1,62 €	2,24 €
B° neto/empregado	España	2,06 €	2,48 €	2,17 €	2,21 €	1,74 €	1,49 €	2,11 €
	Galicia	1,55 €	1,27 €	1,39 €	1,56 €	1,01 €	1,06 €	1,33 €

Fonte: Estratexia de Dinamización do Sector Cárnico Galego.

1-Estes valores son as medianas calculadas a partir das medianas anuais en cada un dos indicadores para España e Galicia

empresas grandes e as micro empresas sitúanse case ao mesmo nivel de rendibilidade, lonxe das medianas e pequenas. Este comportamento anómalo das grandes empresas preséntase, ou faise moi evidente, ao analizar as contas individuais das tres únicas empresas categorizadas como grandes, todas do grupo coopera-

tivo Coren. Ao analizar as tres medianas individuais destas empresas no período 2015-2020, ningunha delas por separado acada as rendibilidades do tramo das pequenas empresas, xa que o máximo de rendibilidade alcánzao Novafrigsa cun 2,05%, rexistrando as outras dúas valores propios das microempresas.

Táboa 2.4.2. Valores de referencia para a rendibilidade económica por tamaños en Galicia

	Medianas da rendibilidade económica 2015-2020
Total Galicia	2,53%
Micro empresas	1,69%
Pequenas empresas	3,43%
Medianas empresas	4,13%
Grandes empresas	1,79%

Fonte: Estratexia de Dinamización do Sector Cárnico Galego.

3.- ANÁLISE DAS INDICACIÓNS XEOGRÁFICAS PROTEXIDAS (IXP) CÁRNICAS DE GALICIA

Galicia conta con catro IXP das trinta e sete existentes a nivel nacional no eido da produción cárnica. A máis relevante, tanto por importancia económica como por recoñecemento de marca no mercado español, é a IXP Ternera Gallega. De seguido analízanse cada unha delas.

3.1. A IXP Ternera Gallega

No ano 2021, segundo información da Consellería do Medio Rural, a IXP Ternera Gallega contaba con 8.488 produtores inscritos e 99 industrias, e certificou 104.638 canais, equivalentes a 23.695 toneladas de carne, cun valor económico estimado de 137 millóns de euros. No período 2018 – 2021 a produción amparada medrou un 10%, pero con todo o seu peso sobre o total da carne de vacún sacrificada en Galicia aínda é baixo, situándose ao redor do 24%.

Dentro do selo Ternera Gallega distínguense tres categorías: Ternera Gallega, Ternera Gallega Suprema, que procede de animais que se crían en explotacións coas vacas nais e nas que os becerros maman ata un mínimo de sete meses, e Ternera Gallega Anello, que ampara aqueles animais que se destinan ao sacrificio con máis de 12 meses e menos de 18. Algo máis da metade da produción é carne amparada por Ternera Gallega Suprema, e a outra metade Ternera Gallega, sendo a produción de anello anecdótica dentro da IXP.

A nivel nacional a IXP Ternera Gallega é unha marca recoñecida, representando case o 57% de toda a carne comercializada ao amparo de indicacións de calidade². Con todo, é necesario incrementar a presenza nalgúns mercados, tanto no ámbito nacional como no internacional³. Para incrementar a presenza noutros mercados resulta fundamental modificar o prego de condicións de Ternera Gallega, permitindo, por un lado, o despece da carne fóra da nosa Comunidade e, por outro, a conexión da mesma para poder aumentar as vendas no mercado internacional, sobre todo naqueles mercados nos que esta tipoloxía de carnes son ben valoradas polos consumidores. O despece fóra de Galicia tería un dobre efecto: aumentar a competencia a nivel industrial dentro de Galicia, facilitando o incremento dos prezos pagados aos gandeiros, e facilitar o acceso a outros mercados no territorio nacional.

Por outra banda, a industria cárnica vén demandando unha mellor homoxeneización da carne amparada baixo o selo de calidade Ternera Gallega Suprema, debido a que esta se produce con diferentes sistemas de manexo e de alimentación do gando. Por este motivo, resulta imprescindible avanzar neste camiño para que, sexa cal sexa o sistema de manexo do gando, os animais teñan un período de finalización de ao menos dous meses cunha alimentación homoxénea e acortellados ou cercados durante ese período. Outra eiva importante da Indicación Xeográfica Protexida deriva


2- Fonte: Memoria de actividade de 2022 do Consello Regulador de Carnes de Vacún de Galicia.

3- Segundo a Memoria de Actividade do 2020 do Consello Regulador, ao redor do 50% da carne de Ternera Gallega comercialízase en Galicia, un 47% no resto de España, principalmente en Valencia, Madrid e País Vasco, e un 3% noutros países da Unión Europea.

dunha falta de planificación axeitada dos partos, concentrándose a gran maioría deles na primavera, o que fai que a maior parte da carne saia ao mercado nos meses de

decembro, xaneiro, febreiro e marzo, nun momento de baixa demanda que provoca unha caída dos prezos, e por tanto unha redución da rendibilidade das gandarías.

Figura 3.1.1 Evolución da produción amparada pola IXP Ternera Gallega en toneladas




Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Consellería do Medio Rural.

3.2. A IXP Vaca Gallega/Buey Gallego

Esta Indicación Xeográfica Protexida está regulada polo mesmo Consello Regulador que a IXP Ternera Gallega. Segundo o portal web da Consellería do Medio Rural, no 2021 hai 441 produtores inscritos e 40 industrias, sendo o número de canais certificados 614 e a produción de carne 268 toneladas, cun valor económico estimado de 1,2 millóns de euros. Dentro das carnes ao amparo do Conse-

llo Regulador das IXP de Carne de Vacún de Galicia, a comercializada co selo Vaca Gallega e Buey Gallego representa unicamente o 1% do total, polo que o seu peso é moi residual dentro do Consello Regulador, se ben se trata de carnes de excelente calidade moi ben posicionadas na canle de restauración a nivel nacional. Desde 2018 o volume de carne certificada aumentou un 94%, pasando de 138 toneladas ás 268 do ano 2021.

**Figura 3.2.1 Evolución da produción amparada pola IXP
Vaca Gallega/Buey Gallego en toneladas**



Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Consellería do Medio Rural.


3.3. A IXP Lacón Gallego

Esta IXP está conformada, segundo os datos dispoñibles na Consellería do Medio Rural para o ano 2021, por 191 explotacións rexistradas e 15 industrias cárnicas, matadoiros e salas de despezamento. O volume de produción ese ano foi de 10.228 kg, equivalentes a 2.629 pezas, cun valor económico estimado de 70.000 euros. A evolución desde 2018 foi positiva, se ben no ano 2021 diminuíu a produción

amparada con respecto a 2020 nun 12%. Con todo, as cifras recentes distan moito da produción alcanzada no ano 2010, que multiplicaba por dous a de 2021, situándose nos 21.053 kg.

O peso desta IXP sobre o total da carne de porcino producida en Galicia é absolutamente anecdótico, pois apenas representa na actualidade o 0,01%, e a súa evolución ao longo da serie temporal desde o seu recoñecemento no ano 1997 segue unha tendencia claramente decrecente.

**Figura 3.3.1 Evolución da produción amparada pola IXP
Lacón Gallego en Kg**



Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Consellería do Medio Rural.

3.4. A IXP Capón de Vilalba

Esta indicación xeográfica ampara aves da raza autóctona Galiña de Mos ou de estirpes que teñen en común a súa rusticidade, que permite a súa cría ao aire libre. Na actualidade non se dispón de datos oficiais desta IXP na Estatística Agraria da Conse-

llería de Medio Rural. No entanto, segundo a información facilitada polo Consello Regulador, actualmente hai 25 criadores fronte aos 90 existentes no ano 2004. Trátase dunha produción moi minoritaria, orientada fundamentalmente á súa comercialización na feira anual do capón de Vilalba que se celebra neste concello antes de noiteboa.

4. AS TENDENCIAS DO CONSUMO DE PRODUTOS CÁRNICOS

Neste apartado analizaranse as tendencias do consumo de produtos cárnicos a nivel mundial, europeo e en España.

4.1. Consumo mundial de produtos cárnicos

O consumo mundial de produtos cárnicos depende en gran medida do nivel de ingresos, sendo maior naqueles países con maior renda. Segundo o informe OECD-FAO Agricultural Outlook 2021-2030 da FAO, o crecemento demográfico é claramente o principal impulsor do incremento do consumo, sendo o aumento mundial da poboación previsto ata 2030 (un 11%) o que sustente un crecemento do 14% do consumo mundial de carne. Outro dos factores é o crecemento eco-

nómico, xa que o incremento dos ingresos facilita a compra de carne, que polo xeral é unha fonte de calorías e proteínas máis custosa. Por este motivo, sinálase no informe da FAO que nos países desenvolvidos con ingresos altos e con lento crecemento demográfico experimentarase unha estabilización do consumo per cápita, motivado tamén por outros factores como os intereses ambientais, éticos de benestar animal e de saúde, producíndose un incremento do consumo de cortes de carne de maior valor. Pola contra, nos países en vías de desenvolvemento a medida que medre a poboación e o nivel de ingresos aumentará o consumo de carne, que se sitúa en cifras moi por debaixo da metade do consumo per cápita dos países desenvolvidos, tal e como reflicte a Táboa 4.1.1.

Táboa 4.1.1.- Consumo per cápita de produtos cárnicos no período 2018-2020 e no ano 2030 (estimado) e taxas de crecemento nos períodos 2011-2020 e 2021-2030 (estimado) para cada agrupación de países

	CONSUMO (kg/per cap.)		CRECIMENTO ANUAL (%)	
	2018-2020	2030	2011-2020	2021-2030
Países desenvolvidos	85,70	88,00	0,85	0,29
Países en desenvolvemento	32,20	34,50	0,21	0,47
Países subdesenvolvidos	15,00	16,10	1,22	0,97
BRICS	39,10	42,40	-0,04	0,51

Fonte: Elaboración propia a partir do informe «OECD-FAO Agricultural Outlook 2021-2030».)

Por rexións, a Táboa 4.1.2 indica que o maior consumo de carne por habitante prodúcese en América do Norte (121,6 kg/persoa/ano), seguido de Oceanía (92,9 kg) e de Europa (79,20 kg). En cuarta posición estaría América do Sur (75,5

kg) e os de menos consumo por persoa serían Asia (32,80 Kg) e África (16,10 kg/persoa e ano). Tamén se reflicte que o maior crecemento ata o ano 2030 se producirá nestas rexións con menor consumo, especialmente en Asia.

Táboa 4.1.2.- Consumo per cápita de produtos cárnicos no período 2018-2020 e no ano 2030 (estimado) e taxas de crecemento nos períodos 2011-2020 e 2021-2030 (estimado) para cada rexión

	CONSUMO (kg/per cap.)		CRECIMENTO ANUAL (%)	
	2018-2020	2030	2011-2020	2021-2030
África	16,10	16,20	-0,05	0,37
América do Norte	121,60	124,50	1,09	0,25
América Latina	75,50	77,90	0,54	0,28
Asia	32,80	35,90	0,46	0,81
Europa	79,20	80,10	0,53	0,11
Oceanía	92,90	90,20	0,51	0,08

Fonte: Elaboración propia a partir do informe «OECD-FAO Agricultural Outlook 2021-2030».)

4.2. O consumo de produtos cárnicos en Europa

En Europa, como rexión desenvolvida, o consumo de produtos cárnicos está diminuíndo polos cambios de comportamento dos consumidores, que están máis preocupados polo medio ambiente e o clima, polo benestar dos animais e pola saúde. No entanto, existen diferenzas entre países. Así, na Estratexia de Dinamización do Sector Cárnico Galego sinálase que o consumo diminúe en termos xerais, pero aumenta en países como o Reino Unido ou Irlanda, país este último que acada o primeiro posto en canto ao consumo de carne bovina por persoa e ano, sendo ademais o país líder en exportacións a terceiros países.

Detrás de Irlanda estarían países como Dinamarca ou Luxemburgo, mentres que os países da Europa do Leste son os que teñen un menor consumo, coherente co seu menor nivel de renda.

No caso do porcino, o consumo desta tipoloxía de carne en Europa, sendo a máis consumida, mantén tamén unha tendencia decrecente. O país con maior consumo por persoa e ano é Dinamarca, seguido de Chipre e de España, que é ademais líder en exportacións de produtos cárnicos de porcino. O menor consumo sitúase en certos países do Mediterráneo, como Grecia ou Malta.

A segunda tipoloxía de carne máis consumida en Europa é a de aves, sendo ademais a que máis resiste a caída do consumo, debido a que o consumidor

identifícaa como máis saudable. Os consumos máis altos por persoa e ano danse en Chipre, Irlanda, Portugal e Hungría. Pola contra, Bélxica e os Países Baixos, sendo grandes exportadores desta carne cara a terceiros países, son os que teñen un consumo per cápita máis baixo.

Por último, no caso do ovino e caprino, cuxa produción é residual dentro do conxunto das carnes a nivel mundial e europeo, o seu consumo tamén diminúe. Os países con maior consumo per cápita son Chipre e Grecia, seguidos de Reino Unido, Portugal, Francia e Romanía. Os de menor consumo per cápita son Hungría e Polonia.

4.3. O consumo de produtos cárnicos en España

Segundo o Informe de consumo alimentario en España 2022 do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, o 19% do orzamento para alimentación e bebidas nos fogares españois no ano

2022 foi destinado para a compra de carne, cun gasto de 303,60 € por persoa e ano, situándose o consumo per cápita nos 39,07 kg. O consumo doméstico total de carnes ascendeu a 1.807 millóns de kg, o que supón unha caída en volume con respecto ao ano 2021 do 12,7%; a diminución foi só do 5,4% en valor, debido ao incremento do prezo medio por kg nun 8,4%.

A tendencia do consumo segue a liña xeral de diminución dos países desenvolvidos. Así, desde o ano 2012, segundo se reflicte na Figura 4.3.1, o consumo de carnes en España en volume diminuíu un 25,7%, o que representa unha caída media interanual do 2,57%. Esta caída viuse interrompida en 2020 no contexto da Covid-19, ano no que se produciu un importante incremento do consumo no fogar por mor do confinamento (10,2% con respecto a 2019), para de seguido, en 2021 e 2022, situarse de novo por debaixo do consumo do 2019, seguindo a tendencia dos anos anteriores.

Táboa 4.3.1.- Consumo doméstico de carne en España no 2022 e % de variación respecto a 2021


	Consumo doméstico total de carne en 2022	% Variación 2022 vs 2021
Volume (miles de kg)	1.807.016,29	-12,7 %
Valor (miles de €)	14.042.443,08	-5,4 %
Consumo per cápita (kg)	39,07	-12,7 %
Gasto per cápita (€)	303,60	-5,3 %
Prezo medio (€/kg)	7,77	+8,4 %

Fonte: Elaboración propia, a partir do Informe de consumo alimentario en España 2022.

Analizando as tipoloxías de carnes consumidas, a carne fresca é a de maior consumo nos fogares, cunha inxesta media por persoa e ano de 27,59 kg. Séguese


lle a carne conxelada con 10,54 kg de media e, en última posición en canto a consumo, sitúase a carne transformada con 0,93 kg por persoa e ano.

Figura 4.3.1.- Evolución anual do consumo de carne no fogar en volume (millóns de Kg) e % que supón o gasto no fogar en carne sobre o total de alimentación e bebidas. España 2010-2022



Fonte: Elaboración propia, a partir do Informe de consumo alimentario en España 2022.

Figura 4.3.2.- Evolución do consumo por persoa/ano do total de carne e das súas principais tipoloxías. España 2010-2022



Fonte: Elaboración propia, a partir do Informe de consumo alimentario en España 2022.

En canto a canles de comercialización, a de supermercados e autoservizos é a que concentra a maior proporción de compras de carne, con case a metade do mercado en volume (49,6%) en 2022, sendo ademais a canle que mellor aguantou a caída respecto a 2021, perdendo un 10,4% de volume fronte ao 12,7% do total do mercado. O volume de carne comprada redúcese este ano en todas as canles, sendo a caída máis pronunciada a que se produce nas tendas de desconto (-18,6%). Séguelle a caída no volume de compras nos hipermercados, cunha

redución do 16,9%, sendo esta plataforma a responsable de distribuír o 10,2% do volume total da carne comercializada en España. Destaca tamén a caída que se produce nas compras en carnizarías e chacinarias, que representado un 17,3% do mercado perden un 12,2% en volume; no entanto, é a canle que menos perde en valor, só un 4,8%, fronte ao 5,4% do conxunto do mercado ou o 12,32% dos hipermercados. Por último, o e-commerce perde un 14,4% do volume con respecto a 2021, representando esta canle un 1,5% do volume comercializado.

Táboa 4.3.2.- Distribución das vendas de produtos cárnicos para o consumo no fogar por canles no ano 2022 e variación respecto a 2021. España

	% VOLUME 2021	% VALOR 2021	% VOLUME 2022	% VALOR 2022	DIF 2022/21 VOLUME	DIF 2022/21 VALOR
Hipermercados	10,75%	11,38%	10,24%	10,54%	-16,90%	-12,32%
Super+Autos	48,29%	46,07%	49,61%	47,74%	-10,36%	-1,96%
Discounts	12,74%	10,84%	11,89%	10,15%	-18,57%	-11,43%
Carnizaría/Chacinaría	17,18%	19,63%	17,28%	19,74%	-12,23%	-4,84%
Mercados/M. ambulantes	2,79%	3,53%	2,67%	3,37%	-16,54%	-9,56%
Internet	1,55%	1,61%	1,52%	1,52%	-14,43%	-10,54%

Fonte: Elaboración propia, a partir do Informe de consumo alimentario en España 2022.

O prezo medio total de carne incrementouse no ano 2022 un 8,4% con respecto ao 2021 e pechou en 7,7 €/kg. Este incremento dáse en todas as canles de distribución, especialmente nos supermercados, canle na que se incrementaron os prezos un 9,4%, seguido das discount e carnizarías e chacinarias, ambas as

dúas cun incremento do 8,9%. O menor aumento dos prezos produciuse no e-commerce. Con todo, as carnizarías e chacinarias son a canle cos prezos máis altos, situándose nos 8,92 €/kg. O prezo máis baixo atópase nas tendas discount con 6,64 €/Kg, 1,13 €/kg máis barato que a media.

Táboa 4.3.3.- Prezo medio da carne (€/kg) por canles no ano 2022 e variación respecto a 2021

CANLE	2021	2022	DIF 2022/21 VOLUME
T. España	7,17	7,77	8,4%
Hipermercado	7,59	8,00	5,4%
Super autoservizo	6,84	7,48	9,4%
Discount	6,10	6,64	8,9%
Carnizaría/Chacinaría	8,19	8,92	8,9%
Internet	7,43	7,77	4,6%


Fonte: Elaboración propia, a partir do Informe de consumo alimentario en España 2022.

Os consumidores cun maior consumo per cápita son os que superan os 50 anos, destacando os maiores de 65 anos con 54,33 kg por persoa ao ano, superando a media en 15,26 kg, mentres que os

menores de 35 anos consumen 13,4 kg menos que a media.

Os fogares de clase alta e media alta son os de maior consumo per cápita, con 45,08 kg por persoa, 6 kg por riba da me-

Figura 4.3.3.- Consumo por persoa de carne en función da idade. España 2022




Fonte: Elaboración propia, a partir dos datos do Informe de consumo alimentario en España 2022.

dia. Pola contra, a clase baixa ten un consumo inferior ao promedio nun 7%, que se traduce nunha diferenza de 2,73 kg por persoa e ano. Os fogares da clase media

e media baixa teñen un consumo per cápita moi similar ao promedio, situándose na clase media baixa un 1% por debaixo, equivalente a 0,3 kg por persoa e ano.

Figura 4.3.4.- Consumo por persoa de carne en función da clase socioeconómica. España 2022



Fonte: Elaboración propia, a partir dos datos do Informe de consumo alimentario en España 2022.



5. FACTORES QUE LIMITAN A PRODUCCIÓN DE CARNE

Son varios os factores que limitan a produción cárnica, podendo clasificarse en factores ambientais, sanitarios e socioeconómicos. De seguido farase un breve resumo de cada un deles.

Dentro dos factores ambientais están o aumento das temperaturas, a seca e os problemas derivados da escaseza de auga. O aumento das temperaturas provoca efectos negativos nos animais, afectando á saúde dos mesmos e ao crecemento. O estrés por calor nos animais produce unha diminución da calidade do leite (cos seus efectos na alimentación das crías), das taxas de reprodución e maiores taxas de mortalidade. O aumento das temperaturas tamén diminúe a resistencia a patóxenos, parasitos e vectores, porque favorece a supervivencia destes. Por outra banda, a escaseza da auga ten un impacto directo na produción cárnica pola falta de auga potable para a inxesta diaria que precisan os animais, e tamén indirecto, porque diminúe a dispoñibilidade de pastos e forraxes, o espazo con sombras e aumenta o risco de incendios, diminuíndo a produción de alimento.

No que se refire aos factores sanitarios, están por un lado a aparición de brotes de enfermidades que provocan restricións sanitarias con efectos nas políticas comerciais dos diferentes países, condicionado os mercados mundiais de carne. Precisamente, o control e prevención de enfermidades como a peste porcina africana (PPA) ou a enfermidade hemorráxica epizootica (EHE), entre outras, son

fundamentais para minimizar o impacto destas na produción mundial de carne e na capacidade de abastecer a demanda global. Neste sentido, o sector cárnico debe contemplar a bioseguridade como a imprescindible rede de protección do conxunto do mercado cárnico mundial. Por outro lado, está a limitación do uso de antimicrobianos, que, aínda que no seu momento supuxeron un gran avance para combater infeccións bacterianas e gañar en benestar animal mellorando a saúde da cabana gandeira, o abuso dos mesmos provocou que deixasen de ser eficaces, xurdindo bacterias multirresistentes fronte ás que non existen tratamentos eficaces. Neste contexto, no futuro, para garantir a saúde da cabana gandeira a nivel mundial será necesario reforzar os aspectos da bioseguridade e procurar alternativas ao uso dos antibióticos.

Dentro dos factores socioeconómicos, o cambio no comportamento dos consumidores, sobre todo nos países desenvolvidos, fai que estes teñan en conta nas decisións de compra variables como a preocupación polo medio ambiente e o benestar dos animais. Este comportamento vén ademais apoiado polas normativas de benestar animal, que cada vez buscan estándares máis elevados, tanto no transporte como na cría, e mesmo no sacrificio. Outro factor que limita a produción é o derivado das normativas de carácter ambiental, cada vez máis restritivas, que procuran unha redución das emisións gandeiras e un maior uso

de enerxías renovables no eido da produción, transformación e comercialización. Por outra banda, o incremento da volatilidade e crecemento dos prezos das materias primas para alimentación animal, carburantes e fertilizantes, actúa como factor limitante da produción, tendo impacto tamén no prezo final que

deben pagar os consumidores. Por último, outros problemas cos que se atopa o sector cárnico, sobre todo en Galicia pero tamén noutros países a nivel europeo, son a falta de remuda xeracional e a dificultade de acceso á terra para novos entrantes, tanto na agricultura como na gandaría.



6.- RETOS E PROPOSTAS PARA O FORTALECIMENTO E O DESENVOLVEMENTO FUTURO DO SECTOR EN GALICIA

Neste último apartado afondarase nos retos que derivan dos apartados anteriores e formularanse algunhas propostas para o desenvolvemento e fortalecemento do sector cárnico galego nos vindeiros anos.

6.1. Retos e propostas no eido da produción

Os principais retos aos que se enfronta o sector produtor de carne en Galicia son os seguintes:

Adaptar a produción ás demandas do mercado. O sector cárnico, especialmente no eido da produción cárnica de vacún, enfróntase á necesidade de adaptar a súa produción ás demandas do mercado, achegando os seus produtos cando os consumidores o requiran e considerando a crecente demanda de produtos sostibles e saudables. O obxectivo é satisfacer as expectativas dos consumidores en canto a calidade, sabor e textura. Un exemplo salientable da falta de adaptación da produción ao mercado é o caso da Indicación Xeográfica Protexida Terneira Gallega, onde se observa que a maior produción dáse nos meses de menor demanda e prezos máis baixos (finais do inverno e principios da primavera), mentres que a produción diminúe nos meses de maior demanda e prezos (verán e outono). Ademais, en varias producións certificadas con indicativos de calidade obsérvase unha considerable variabilidade na

calidade das canais, debido a diferentes sistemas de produción, manexo e alimentación, entre outros factores.

Garantir o relevo xeracional nas explotacións con viabilidade e sen remuda no eido familiar. Unha das características das explotacións cárnicas galegas, sobre todo no caso das de vacún de carne, é a elevada idade media dos titulares, polo que nos próximos anos moitas destas explotacións pecharán e isto terá un forte impacto nos espazos rurais, tanto en termos económicos como sociais e ambientais. Para evitar a perda do investimento produtivo e o abandono de terras cómpre impulsar o relevo nas explotacións que sexan viables economicamente, garantindo a capacidade de produción e o mantemento da xestión do territorio.

Aumentar o tamaño das explotacións.

O pequeno tamaño das explotacións cárnicas galegas provoca que estas teñan dificultades de rendibilidade e de viabilidade económica. Por este motivo cómpre contar con granxas cun número de animais e cunha superficie que fagan sostible e viable a produción, sendo ademais este un factor esencial para o crecemento da industria cárnica galega no futuro. En xeral, as explotacións teñen unha superficie e un número de animais por debaixo da media española. Ademais, a terra está excesivamente fragmentada, o que dificulta a súa mobilización produtiva, sobre todo en áreas con moitos terreos abandonados ou infrautilizados.

Mellorar a profesionalización do sector.

Actualmente, o pequeno tamaño das explotacións, unido a que en moitos casos a explotación é mantida como unha actividade secundaria, fai que exista unha carencia de formación, que contribúe a unha menor rendibilidade. Por este motivo, un dos factores clave no manexo e na xestión das explotacións, e por tanto da viabilidade destas, é a profesionalización dos produtores. Para avanzar neste reto cómpre mellorar o asesoramento público e privado, así como a formación técnica, produtiva, empresarial e comercial dos produtores. Tamén será necesario impulsar a dixitalización, incentivando a implantación de novas tecnoloxías no ámbito da sensorización, robotización e automatización das granxas, ademais de mellorar a conectividade co fin de poder despregar esas tecnoloxías no campo.

Para abordar estes retos, propónse:

1. Promover o aumento do tamaño medio das granxas. Para aumentar o tamaño medio das explotacións gandeiras nos próximos anos é imprescindible poñer a disposición dos gandeiros a terra a través de diversos instrumentos que establece a Lei de Recuperación da Terra Agraria de Galicia, fundamentalmente a través de polígonos agroforestais. Tamén se debe apoiar a mobilización de terras a través doutros mecanismos, como as permutas ou a concentración parcelaria. Este incremento da superficie de pasto e forraxe debería reducir a dependencia de insumos externos para a alimentación animal, e permite mellorar ademais o noso grao de soberanía alimentaria.

2. Impulsar o relevo e a incorporación de persoas mozas ás explotacións. Neste eido propónse, por un lado, mellorar e flexibilizar as axudas á incorporación de novos agricultores, priorizando aquelas incorporacións a explotacións viables economicamente. Por outra banda, propónse poñer en marcha de maneira efectiva o banco de explotacións, para incorporar ao mesmo explotacións viables que non teñen relevo no ámbito familiar, facilitando a transferencia destas a outras persoas que desexen incorporarse á actividade agraria.

3. Impulsar o asesoramento, a formación e a dixitalización. Para isto cómpre reorganizar a nivel galego o sistema de coñecemento e innovación agraria (AKIS) na terminoloxía europea, fomentar o asesoramento público e privado e poñer en marcha accións específicas de formación orientada ao manexo, xestión e dixitalización das explotacións de carne de Galicia. Trátase de definir un sistema de asesoramento público-privado que funcione dun xeito coordinado, sumando capacidades e recursos dispoñibles para satisfacer as necesidades do sector produtor, derivadas das esixencias normativas, tecnolóxicas, financeiras, etc... Para logralo, entre outras cuestións, débese fortalecer o persoal das Oficinas Agrarias Comarcais con funcións técnicas, reorientar as axudas ao aconsellamento cara a entidades con equipos multidisciplinares e levar a cabo un programa ambicioso de formación de asesores.

En canto á dixitalización, é necesario incrementar a formación e o acceso dos



gandeiros ás tecnoloxías dixitais e solucionar o problema de conectividade existente en moitas zonas dos espazos rurais e de montaña.

Xa no eido específico da Indicación Xeográfica Protexida (IXP) Ternera Gallega, propónse poñer en marcha accións de formación e asesoramento especializado que permitan unha mellor organización da produción, incluída a planificación dos partos, co obxectivo de mellorar a rendibilidade das granxas evitando a elevada estacionalidade actual, así como o establecemento dun sistema de alimentación común para todas as granxas, ao menos durante os dous meses anteriores ao sacrificio. Para isto último, sería necesario modificar o prego de condicións da IXP para impoñer a obriga de que todos os tenreiros pasen cando menos dous meses estabulados na fase de finalización para a categoría Ternera Gallega Suprema.

6.2. Retos e propostas no eido da industria

No caso da industria cárnica galega, o principal reto é o de aumentar a capacidade de xerar valor a través dun maior nivel de transformación. Un elemento esencial para manter un sector cárnico robusto é contar cunha industria cárnica innovadora, altamente competitiva e con capacidade para desenvolver produtos transformados de alto valor engadido e de acceder a novos mercados, tanto a nivel nacional como internacional. A industria cárnica galega, como se viu, ten un déficit importante con respecto á industria española e europea no que refire aos produtos cárnicos elaborados e procesados, competindo cunha

estratexia comercial indiferenciada de prezos baixos con elevada rotación.

Outro dos retos da industria, e do sector en xeral, é o de incrementar a presenza dos produtos cárnicos procedentes de Indicacións Xeográficas Protexidas nos mercados nacionais e internacionais. Os pregos destas indicacións de calidade na súa forma actual dificultan o crecemento da produción e a expansión dos produtos cárnicos amparados cara a novos mercados.

Un terceiro reto do sector industrial é o de aumentar o tamaño das empresas, así como o nivel tecnolóxico dos procesos industriais e a dixitalización destes, incorporando tecnoloxías avanzadas na fabricación e transformación para o desenvolvemento de novos produtos e o aumento da produtividade xeral da industria.

Un cuarto reto da industria sería o de incrementar o investimento en investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i) para aumentar a produtividade, atraer talento e persoal altamente cualificado e crear produtos de alto valor que se axusten ás necesidades dos consumidores e ás tendencias actuais de consumo.

Por último, outro dos retos é o de garantir as necesidades de sacrificio e despece do sector produtor, sobre todo no caso da produción ecolóxica ou de pequenas producións diferenciadas.

Para facer fronte a estes retos propónse:

1. Mellorar as axudas á transformación e comercialización dos produtos agrarios galegos. É fundamental apostar dun xeito decidido pola mellora das axudas ás industrias, para que se enfoquen na transformación dos produtos cárnicos galegos,

potenciando os elaborados cárnicos (frescos, salgados, curados, conservas e cocidos), promovendo a creación de produtos máis acordes ás necesidades actuais dos consumidores.

2. Apoiar o incremento do tamaño das industrias e, de ser o caso, o establecemento de novas industrias. Débese incrementar o apoio público aos proxectos que xeren valor e estean orientados á internacionalización, facilitándolles o acceso ao crédito e fomentando a integración vertical e horizontal na cadea de valor, así como a cooperación entre pequenas e medianas industrias. Debería darse tamén prioridade nas axudas ás solicitudes conxuntas para proxectos de colaboración empresarial, como mecanismo para superar os problemas derivados da pequena dimensión da industria cárnica galega.

3. Modificar os pregos de prescricións técnicas das IXP. É necesario modificar o prego da IXP Ternera Gallega para permitir o despece fóra de Galicia co fin de facilitar unha maior competencia da industria en campo, mellorando a rendibilidade das explotacións, e por outro lado facilitar o acceso a outros mercados nacionais. Tamén se debe permitir a conxelación exclusivamente na produción destinada os mercados internacionais. Ademais, débese revisar a normativa da IXP Lacón Gallego para facilitar a súa certificación, co obxectivo de incrementar a produción amparada.

4. Aumentar o nivel tecnolóxico dos procesos industriais. Par isto cómpre promover a automatización da produción a través de liñas de axudas específicas

orientadas a apoiar estes procesos co obxectivo de reducir custos loxísticos, aumentar a produtividade, garantir o benestar animal, mellorar a calidade do produto e a percepción do consumidor. Tamén cómpre simplificar os procedementos de acceso ás axudas e facilitar a dixitalización e a implantación de Tecnoloxías Facilitadoras Esenciais.

5. Elaborar un plan de formación continua para a industria cárnica. Poñer en marcha un plan de formación continua da man da industria cárnica dirixido a mellorar as capacidades das persoas empregadas, incluíndo formación de directivos e de mandos intermedios. E impulsar o establecemento dun ciclo de Formación Profesional Dual orientado á formación de operadores e de persoal especializado na produción de elaborados cárnicos, como mecanismo para solucionar os problemas de man de obra que ten a industria.

6. Impulsar a investigación, o desenvolvemento e a innovación. Para isto cómpre reforzar a difusión das axudas a I+D+i, mellorar as axudas á contratación de profesionais especializados en I+D+i por parte das industrias e deste xeito impulsar a innovación en produtos transformados no sector cárnico.

7. Mellorar a capacidade de sacrificio e despece. Para mellorar o servizo de sacrificio e despece aos produtores, propónse realizar un estudo sobre a capacidade deste en Galicia, para a partir del desenvolver proxectos piloto para a recuperación de matadoiros municipais ou comarcais en desuso. Tamén se propón a posta

en marcha dun servizo de matadoiro móbil alí onde non existen alternativas para o sacrificio e o despece, dirixido sobre todo a pequenas producións ou producións ecolóxicas.

6.3. Retos e propostas no eido da comercialización

O principal reto ao que se enfronta o sector cárnico no ámbito da comercialización, nun contexto de caída do consumo nos países desenvolvidos, é o de recuperar ou mitigar esta caída e mellorar a capacidade de chegar a novos mercados en crecemento ou con segmentos de carnes premium nos que convén estar presentes.

Precisamente, as capacidades produtivas de Galicia e a imaxe de calidade da que gozan os produtos agroalimentarios galegos fai necesario abordar unha reorientación da industria cárnica cara a produtos de maior valor engadido, especificamente cara a transformados e produtos de IV e V gama que se adapten ás tendencias de consumo actuais. Neste ámbito xoga un papel esencial a presentación e o envasado destes produtos para que resulten atractivos para os consumidores e así competir mellor no mercado. A mellora da etiquetaxe dos produtos, utilizando tecnoloxías avanzadas que permitan engadir información relevante sobre a cadea de valor, proporciona transparencia e confianza a provedores, clientes e consumidores.

Por outra banda, o incremento da demanda de produtos cárnicos galegos e do valor engadido destes debe garantir uns prezos aos gandeiros que cubran os custos de produción e permitan obter unha marxe suficiente que garanta a viabilidade

das granxas.

Por último, para aumentar a demanda de produtos cárnicos galegos e aumentar o consumo destes a nivel nacional e internacional, o sector ten que afrontar o reto de aumentar e mellorar a promoción das carnes galegas e comunicar os seus valores nutricionais, posicionándoos nos mercados como produtos de alta calidade, destacando aspectos como o benestar animal, o respecto ao medio ambiente, o mantemento da paisaxe e o desenvolvemento socioeconómico dos espazos rurais, así como todo o relacionado coa alimentación saudable.

Para facer fronte a estes retos propónse:

1. Promocionar as marcas individuais entre a industria cárnica e as organizacións de produtores. A promoción das marcas individuais eríxese como un pilar fundamental para promover o recoñecemento e a diferenciación dos produtos cárnicos galegos. É esencial informar os produtores e cooperativas sobre as vantaxes de crear marcas individuais e apoiar a creación destas, garantindo así a calidade, autenticidade e diferenciación dos produtos cárnicos.

2. Desenvolver novos produtos a través da innovación. A innovación debe ser clave na industria cárnica galega. Para isto é necesario apoiar o desenvolvemento de novos produtos cárnicos de IV e V gama, facilitando o investimento tanto na industria como na distribución. Ademais, debería promoverse a posta en valor de cortes de carne de vacún adaptados ás tendencias do mercado que permiten obter un valor adicional de venda. Por último, sería

interesante estudar a viabilidade de crear unha marca de garantía para os embutidos, curados e salgazóns de Galicia, produtos de extraordinaria calidade na nosa Comunidade.

3. Fomentar o consumo de carne galega nos comedores colectivos. Para impulsar o consumo de carnes de Galicia, débese promover o consumo en diversos sectores, desde colexios e hospitais ata residencias e comedores colectivos de empresas, fomentando así a preferencia pola carne galega en todos os ámbitos. Así mesmo, debe perseguirse e sancionarse o uso indebido da denominación «Galicia/galega» na etiquetaxe das carnes non amparadas polas Indicacións Xeográficas Protexidas (IXPs) da nosa Comunidade.

4. Promocionar e diferenciar as carnes Premium. A promoción de produtos cárnicos de alta calidade debe ser un obxectivo central para mellorar o valor engadido. Para isto débese mellorar a diferenciación e a dispoñibilidade das carnes premium, así como garantir unha etiquetaxe transparente que avale a calidade deses produtos. Estas carnes premium deberían situarse en lugares de exposición preferente nos lineais da gran distribución.

5. Promocionar a carne galega nos mercados nacionais e internacionais. Cómpre desenvolver unha estratexia de promoción da carne galega tanto nos mercados nacionais como internacionais, da que actualmente se carece. Neste sentido, deberíanse desenvolver campañas publicitarias a nivel nacional da produción cárnica galega, sobre todo vinculadas ás Indicacións Xeográficas Protexidas e a produtos amparados polos

selos Galicia Calidade Alimentaria e Artesanía Alimentaria, ligadas a valores como sustentabilidade, benestar animal e xestión do territorio. No eido da promoción internacional é fundamental facilitar a presenza de produtores e industrias con marcas individuais e capacidade de exportación en feiras internacionais, e impulsar desde a Administración o desenvolvemento de misións comerciais de clientes internacionais a industrias galegas. Ademais, deben incrementarse as axudas para a contratación de especialistas en comercio exterior, que poden facer a súa labor para unha ou varias industrias.

6.4. Retos e propostas para a conxunto da cadea de valor

Para manter un sector cárnico competitivo é necesario fortalecer as relacións e o equilibrio na cadea de valor da carne, garantindo un valor engadido sostible para todos os operadores. A mellora do diálogo entre os distintos axentes da cadea, o fortalecemento do poder de negociación dos produtores e a transparencia, tanto na formación de prezos como nas relacións comerciais en toda a cadea, son aspectos fundamentais para a estruturación e a estabilidade do sector a longo prazo.

Ademais, a transparencia e a implantación de boas prácticas empresariais no ámbito da adquisición de alimentos son fundamentais para garantir a xeración de valor en toda a cadea. Neste sentido, a regulación das relacións comerciais e da contratación alimentaria en España non impediu prácticas abusivas en toda a cadea nin conseguiu un dos seus principais obxectivos, que era reforzar o poder de negociación dos produtores de carne.

Así mesmo, a falta de estudos sobre os custos de produción, que permitan aos gandeiros coñecer os seus verdadeiros custos, supón un reto para o cumprimento da Lei da Cadea Alimentaria nun contexto de aumento, ou cando menos maior volatilidade, nos custos do penso, combustible e enerxía.

Para facer fronte a estes retos propóñese:

1. Impulsar a creación de organizacións e asociacións de produtores, para reforzar a súa capacidade de negociación e de interlocución na cadea de valor.

2. Realizar anualmente estudos de custos de produción, no eido do vacún de carne fundamentalmente, creando unha especie de Rede de Explotacións Típicas de Galicia (Rengrati galega). Esta rede sería un instrumento moi útil para coñecer a situación económica das explotacións e tomar decisións máis informadas relacionadas coa persecución da venda a perdas e o cumprimento da Lei da Cadea Alimentaria.

3. Crear unha plataforma dixital de compravenda de gando que implique aos distintos axentes do sector. Esta plataforma facilitaría as transaccións comerciais e a interacción entre compradores e vendedores, aumentando a eficiencia e a transparencia no mercado gandeiro.

4. Crear mesas de prezos nos sectores que carecen delas e desenvolver contratos tipo para os distintos sectores. O obxectivo disto é o de poder dispoñer de prezos de referencia e estender o emprego dos contratos para unha aplicación máis eficaz da Lei da Cadea Alimentaria.

5. Realizar informes e estudos a través do Observatorio da Cadea Alimentaria de Galicia. Resulta necesario poñer en marcha, de xeito efectivo, o Observatorio da Cadea Alimentaria de Galicia e realizar, a través del, informes, estudos e investigacións para un mellor coñecemento dos sectores produtivos do agro galego e da súa evolución, especificamente relacionados co sector cárnico.

6. Mellorar a supervisión do cumprimento das obrigas en materia de información e control alimentario, garantindo o cumprimento da Lei da Cadea Alimentaria na Comunidade Autónoma a través do Servizo da Cadea Agroalimentaria e Control de Prácticas Comerciais Desleais.

6.5. Retos e propostas no ámbito da promoción e difusión entre os consumidores e a cidadanía dos valores da produción cárnica

Un dos principais retos do sector cárnico radica en mellorar a percepción da produción de carne entre os consumidores e a cidadanía en xeral. Para conseguilo, é fundamental contrarrestar a información negativa e nesgada que adoita rodear aos produtos cárnicos en moitos medios de comunicación xeneralistas. Os consumidores deben ser conscientes de que en Galicia se produce carne de alta calidade de maneira sostible, cunha forte aposta polo benestar animal. Isto significa transmitir que se cumpren altos estándares de calidade, seguridade e coidado dos animais, e que se promove a transparencia no proceso de cría.

Outro reto clave é posicionar a carne como unha fonte de proteína fiable e de elección

para o conxunto da poboación. Para iso é fundamental apoiarse na evidencia científica que avala os beneficios nutricionais da carne e difundir esas evidencias, recomendando incluír na dieta produtos cárnicos en cantidades axeitadas para achegar proteínas de alto valor biolóxico e unha gran variedade de micro nutrientes esenciais para a saúde. Ademais, cómpre destacar e difundir tamén os altos estándares, tanto en termos ambientais como de benestar animal, que se aplican na produción de carne de acordo coa normativa da Unión Europea.

Finalmente, a colaboración coas organizacións interprofesionais xoga un papel fundamental na mellora da visibilidade das características produtivas da gandería galega. Estas organizacións teñen a responsabilidade de divulgar e poñer en valor as vantaxes dos produtos cárnicos, desde a súa elaboración ata a comercialización e consumo. Porén, na actualidade non existen actuacións concretas para promover o consumo de produtos cárnicos galegos e defender os intereses compartidos da cadea a través destas organizacións interprofesionais.

Para facer fronte a estes retos propónse:

1. Crear un portal web do sector cárnico galego, que funcione como un sitio web centralizado de promoción do sector, inspirado en modelos doutros países. O portal conterá apartados de receitas, información sobre carne e saúde, impacto medioambiental, testemuñas de produtores, campañas temáticas, información sobre os custos de produción, calidade diferenciada. Iso debe acompañarse dunha estratexia paralela en redes sociais para chegar a un público amplo e contrarrestar, a través das redes, de maneira áxil, información nesgada e

noticias falsas relacionadas co sector.

2. Realizar campañas gastronómicas periódicas coa participación de restaurantes, deseñando receitas que poñan en valor as calidades diferenciais da carne galega, potenciando así a imaxe de Galicia como un territorio con particularidades produtivas únicas.

3. Fomentar o uso da carne de orixe galega na restauración, facendo fincapé tamén nisto na entrega a domicilio, identificando a orixe da carne nos menús. E poñer en marcha un premio aos cociñeiros e restaurantes que utilicen produtos galegos de alta calidade nas súas propostas culinarias.

4. Realizar un estudo do comportamento do consumidor a nivel nacional, cuxos resultados se compartirán con todos os actores da cadea de valor. Este estudo proporcionaría información valiosa para orientar as estratexias de mercadotecnia e de promoción e programar campañas de marketing segmentadas en función dos resultados do estudo. Tamén permitiría definir indicadores clave de rendemento específicos e considerar estratexias combinadas de marketing de contidos e publicidade nativa en medios dixitais externos ao sector.

6.6. Retos e propostas no eido da sostiabilidade ambiental, a sanidade animal e a seguridade alimentaria

O sector cárnico debe adaptarse ás novas sensibilidades dos consumidores, relacionadas co medioambiente e o clima, o benestar animal, a bioseguridade e a saúde. Para iso deben potenciarse sistemas de produción e de xestión que fomenten a eco-



nomía circular, o aforro enerxético e a conservación do medio ambiente, garantindo o benestar animal. O obxectivo é lograr un modelo produtivo cada vez máis sostible e en constante evolución cara á neutralidade climática.

Outro dos retos importantes aos que se enfronta o sector é o de preservar o estatus sanitario da cabana gandeira e garantir a seguridade alimentaria. Actualmente, o estado sanitario da cabana gandeira en España e Galicia é moi elevado debido á existencia de programas específicos de prevención e control de enfermidades, así como pola existencia de medidas de bioseguridade implantadas nas granxas. En todo caso, a aparición de novas enfermidades ou enfermidades reemerxentes, unido a unha cada vez maior resistencia das enfermidades bacterianas aos antibióticos, deben ser tidos en conta como factores de risco futuro que ameazan a produción cárnica e a seguridade alimentaria.

Para facer fronte a estes retos propónse:

1. Desenvolver accións de formación en aspectos relacionados coa sostibilidade ambiental, o benestar animal e a seguridade alimentaria. Estas accións deben dirixirse ao persoal asesor, propietarios e empregados das explotacións e ao persoal da industria, e incidirán en aspectos como a redución de emisións de gases contaminantes, a pegada de carbono, a xestión de xurros, o uso eficiente da auga, a xestión dos plásticos agrícolas, a rotación de cultivos e o uso de fertilizantes, entre outros. Tamén deben incidir naquelas cuestións que teñen que ver coas boas prácticas en benestar animal, a saúde e a seguridade alimentaria.

2. Poñer en marcha grupos operativos de innovación para desenvolver proxectos de medio ambiente e clima, nos que se impliquen todos os elos da cadea e os centros tecnolóxicos e de investigación de Galicia. Estes proxectos deben orientarse á optimización dos sistemas produtivos para mellorar a sostibilidade e a biodiversidade, impulsando a través destes proxectos prácticas agrícolas sostibles, diversificación de cultivos, xestión de pastos e forraxes, uso eficiente de fertilizantes, dixitalización dos procesos de produción e redución da pegada de carbono en todas as fases da cadea de valor, desde a produción ata a comercialización.

3. Mellorar a xestión das dexestións gandeiras e protexer as augas superficiais e subterráneas. Dentro desta liña deben reforzarse as axudas para a ampliación e a cobertura das balsas de almacenamento de xurros, identificar e declarar as zonas vulnerables aos nitratos, promover, e no seu caso establecer, moratorias á ampliación ou instalación de novas granxas nesas zonas e promover a implantación de plans de xestión ambiental nas explotacións.

4. Impulsar o aproveitamento de terras produtivas en estado de abandono para a produción de forraxes e de cereais destinados á elaboración de pensos, que permitan aumentar a autosuficiencia e reducir a importación de produtos para a alimentación animal, contribuíndo a reducir a pegada de carbono.

5. Potenciar o uso de enerxías renovables e mellorar a eficiencia enerxética ao longo da cadea de valor. Para iso deben reforzarse as axudas aos investimentos,

primando aqueles orientados á mellora da eficiencia enerxética e a redución do impacto ambiental, potenciando o autoconsumo de enerxías limpas nas explotacións e industrias, así como promover a utilización conxunta de instalacións de enerxías renovables.

6. Establecer plans de bioseguridade e plans de actuación para previr e/ou reducir o risco de transmisión de enfermidades, reducir o uso de antibióticos nas granxas e avanzar no benestar animal, promovendo o rexistro dos axentes da cadea de valor nos sistemas de certificación para garantir o desenvolvemento de boas prácticas no sector cárnico desde a granxa, o transporte e a industria.

7. Mellorar a política de protección do gando e a convivencia coa fauna salvaxe. Para isto proponse elaborar censos de fau-

na, realizar estudos de vulnerabilidade e risco de ataques do lobo, reforzar as axudas públicas orientadas á prevención de ataques, facilitando a súa tramitación e pago, e promover a colaboración entre todos os actores implicados.

En definitiva, todas estas propostas conducen ao fortalecemento do conxunto do sector cárnico galego, co obxectivo de que este sexa máis competitivo e resiliente e mellore a súa capacidade de xeración de valor para todos os elos da cadea. Poñer en marcha estas propostas é un proceso complexo, que implica a multitude de actores con intereses contraditorios pero tamén compartidos, e que, por tanto, deberían traballar con visión estratéxica para mellorar o impacto económico, social e ambiental que este sector tan importante ten nos espazos rurais de Galicia e na economía agraria da nosa Comunidade.





REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Consellería de Medio Rural, Xunta de Galicia (2023).
<https://mediorural.xunta.gal/es/temas/alimentacion/productos-gallegos-de-calidad/productos-carnicos>
- Consello Regulador das IXP de Carne de Vacún de Galicia (2023). *Memoria de Actividad 2022*.
<https://www.terneragallega.com/pdf/es/informe.pdf>
- EUROSTAT. *Economic accounts for agriculture – values at current prices*.
https://ec.europa.eu/eurostat/databrowser/product/view/aact_eaa01
- EUROSTAT (2023). *Meat production*.
https://ec.europa.eu/eurostat/databrowser/view/apro_mt_pann__custom_8365104/default/table?lang=en
- FAOSTAT Organización de las Naciones Unidas para la Alimentación (2023). *Crops and livestock products*.
<https://www.fao.org/faostat/es/#data/QCL>
- Indicación Xeográfica Protexida Capón de Vilalba (2023).
<https://www.capondevilalba.com/>
- Instituto Galego de Estatística. *Estatística Estructural de Empresas resultados por agrupacións e sectores de actividade desde 2016 (grupo CNAE 10.1 procesado e conservación de carne e elaboración de produtos cárnicos)*. (2016-2021)
<https://www.ige.gal/igebdt/selector.jsp?COD=9284&paxina=001&c=0303002&idioma=es>
- Instituto Galego de Estatística. Directorio de empresas e unidades locais. *Empresas con actividade en Galicia segundo actividade principal (grupos CNAE 2009) e condición xurídica* (2023).
- Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación (2023). *Cuentas Económicas de la Agricultura (Renta Agraria: Macromagnitudes Agrarias)*
<https://www.mapa.gob.es/es/estadistica/temas/estadisticas-agrarias/economia/cuentas-economicas-agricultura/>
- Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación (2023). *Encuesta de sacrificio de ganado*.
<https://www.mapa.gob.es/es/estadistica/temas/estadisticas-agrarias/ganaderia/encuestas-sacrificio-ganado/>

Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación (2023). *Informe anual de la industria alimentaria española período 2021-2022*.

https://www.mapa.gob.es/es/alimentacion/temas/industria-agroalimentaria/20230126informeanualiindustria2021-20224t22ok_tcm30-87450.pdf

Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación (2023). *Informe del consumo alimentario en España 2022*.

https://www.mapa.gob.es/es/alimentacion/temas/consumo-tendencias/informe-consumo-2022-baja-res_tcm30-655390.pdf

Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación (2023). *Panel de consumo alimentario. Series anuales*.

<https://www.mapa.gob.es/es/alimentacion/temas/consumo-tendencias/panel-de-consumo-alimentario/series-anuales/default.aspx>

Organización de las Naciones Unidas para la Alimentación (FAO). *OECD-FAO Agricultural Outlook 2021-2030*.

<https://www.fao.org/documents/card/es/c/CB5332ES>

Xunta de Galicia (2023). *Estratexia de dinamización do sector cárnico de Galicia 2022-2030*.

<https://mediorural.xunta.gal/sites/default/files/ESTRATEGIA-CARNE.pdf>

Documentos do Foro Económico de Galicia

Un dos obxectivos fundamentais do Foro é poñer á disposición da Sociedade unha colección de documentos onde se conxuga a análise da situación actual con propostas de cambio e mellora. Os documentos pretenden contribuir a enriquecer o debate público en materia económica en Galicia. A responsabilidade de cada documento é das persoas que o asinan. O Foro só asume a responsabilidade sobre os documentos consensuados e asinados polo colectivo. O editor dos documentos é o membro nato do Foro, José Francisco Armesto Pina.

Documentos publicados

39/2023-

O Sector Cárnico en Galicia. Propostas para o futuro.

38/2023-

O desenvolvemento da Intelixencia Artificial en Galicia: están preparadas as empresas galegas?.

37/2022-

O futuro da Agricultura Ecolóxica galega no marco do Pacto Verde Europeo.

36/2022-

Unha estratexia en IA para a empresa galega.

35/2022-

A reforma que a Administración necesita: propostas para o SXXI.

34/2022-

A reforma do sistema de financiamento: unha perspectiva dende Galicia.

33/2021-

A economía social como modelo de desenvolvemento para Galicia.

32/2021-

Fuga de talento en Galicia ¿mito o realidade?.

31/2020-

O monte galego do Século XXI.

30/2020-

El sector Fintech: propuesta para desarrollar un HUB en Galicia.

29/2020-

Innovación y Tecnologías Inteligentes.

28/2019-

Infraestructuras Viarias: Inversión y Tarifación.

27/2019 -

Planificación e proxección do sector vitivinícola de Galicia:

Realidade, desafíos e retos.

26/2018 -

Os retos para a Galicia do Século XXI.

No sistema europeo de transporte marítimo-terrestre.

25/2018 -

El impacto de la reestructuración bancaria sobre la concentración y la exclusión financiera en España y Galicia.

24/2018 -

Turismo Rural: diagnose e propostas.

Documentos descargables en:

<http://www.foroeconomicodegalicia.es>

- 23/2018 -
Diagnóstico actual e propostas de futuro para a dixitalización.
en Galicia.
- 22/2017 -
Unha estratexia para a Galicia rural do século XXI.
Diagnóstico e propostas para o debate.
- 21/2017 -
Unha estratexia industrial para Galicia.
- 20/2017 -
Desafíos dunha sociedade avellentada e en declive: desequilibrios
territoriais e prestación de servizos.
- 19/2017 -
Galicia diante da reforma do sistema de financiamento autonómico.
- 18/2016 -
Novas demandas para o rural galego.
- 17/2016 -
A I+D+i Empresarial en Galicia: Dez mensaxes e unha proposta.
- 16/2016 -
Galicia, a perspectiva internacional.
- 15/2016 -
La formación profesional dual en España.
- 14/2016 -
O capital risco e outras fontes alternativas de financiamento das empresas
galegas.
- 13/2015 -
O Complexo Lácteo Galego nun mercado liberalizado. Extratexias e políticas
ante a desaparición do sistema de cotas na UE.
- 12/2015 -
Sobre o risco de estancamento na economía Europea.
- 11/2015 -
Os cambios no modelo territorial: o seu impacto fiscal en Galicia.
- 10/2015 -
O sector forestal en Galicia: problemática actual e perspectivas futuras.
- 9/2014 -
Desequilibrio exterior, modelo competitivo y recuperación económica.
- 8/2014 -
Galicia: bases para una estrategia marca-país y líneas de trabajo para su
acción exterior.
- 7/2014 -
¿Qué futuro demográfico nos agarda e como pode incidir no noso benestar?.

- 6/2013 -
Internacionalización, políticas y crecimiento.
- 5/2013 -
Mejorando la Eficiencia de la Política de infraestructuras.
- 4/2013 -
O fondo de compensación interterritorial: Unha proposta desde Galicia.
- 3/2013 -
O sector alimentario en Galicia: desafíos e oportunidades. Cales deben ser as prioridades?.
- 2/2013 -
Análisis y propuestas para una estrategia de futuro para el sector naval en Galicia.
- 1/2013 -
Chaves para o aproveitamento marítimo -Portuario- Loxístico de Galicia.





www.foroeconomicodegalicia.es

O Foro Económico de Galicia é unha plataforma de transferencia de coñecemento en materia económica dende as empresas e universidades galegas á sociedade e aos espazos de decisión pública. O Foro integra a profesores e investigadores, empresarios e directivos representativos dos diferentes sectores e áreas de Galicia, e xornalistas galegos de referencia.

SOCIOS

		
		
		
		
		
		
		
	<p>Grupo de investigación GEN Universidade de Vigo</p>	



O SECTOR CÁRNICO EN GALICIA. PROPOSTAS PARA O FUTURO

DOCUMENTO 39 / 2023

AUTORES:

JOSÉ MANUEL ANDRADE CALVO

ALFONSO RIBAS ÁLVAREZ